

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO 30 DE XULLO DE 2007

### OCIHR LICENZAS

#### FAVORABLES.

**LIC/179/2007.- DOMINGO POSE REBOREDO.-** Rehabilitación de vivenda unifamiliar na Rúa Poza de Bar nº 46.-

**LIC/725/2007.- EDUARD FRANQUET SUGRAÑES.-** Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar na Rúa do Olvido nº 17.-

**LIC/656/2007.- ARROKABE ARQUITECTO.-** Rehabilitación de vivenda-estudio na Rúa San Pedro nº 94.-

#### **4.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse diversas axudas.

#### **5.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á contratación do cambio da cuberta de vestiarios do pavillón Monte dos Postes.**

Apróbase a devandita obra para resolver as filtracións de auga existentes, por valor de 12.000 euros, e adxudícase a TECNICAS DE REHABILITACIÓN, INTERIORISMO E ARQUITECTURA GALE.

#### **6.- Asistencia técnica para a redacción do proxecto construtivo e estudo de seguridade e saúde das obras de Urbanización da rúa Raiola en Lamas de Abade.**

Adxudícase a asistencia técnica á empresa PROYFE, SL, por importe de 12.000 euros.

#### **7.- Prórroga do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do Colexio Público COLEXIATA DE SAR ata o 30-11-2007.**

Apróbase a prórroga do contrato asinado con Carmen Cutrín Novás, a contar desde o 1 de agosto de 2007 ata o 30 de novembro de 2007, por importe de 4.488 euros.

#### **8.- Prórroga do servizo de vixilancia, limpeza e conservación do Colexio Público MONTE DOS POSTES ata o 30 de novembro de 2007.**

Apróbase a prórroga do contrato asinado con Silvia Becerra Aldrey, a contar desde o 1 de agosto de 2007 ata o 30 de novembro de 2007, por importe de 7.942 euros.

#### **9.- Prórroga do servizo de vixilancia, limpeza e conservación do Colexio Público LÓPEZ FERREIRO ata o 30 de novembro de 2007.**

Apróbase a prórroga do contrato asinado con Sandra Barreiro Pérez, a contar desde o 1 de agosto de 2007 ata o 30 de novembro de 2007, por importe de 8.200 euros.

#### **10.- Prórroga do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do Polideportivo de Monte dos Postes ata o 30 de novembro de 2007.**

Apróbase a prórroga do contrato asinado con Isidro Conde Santos, a contar desde o 1 de agosto de 2007 ata o 30 de novembro de 2007, por importe de 6.751 euros.

#### **11.- Prórroga do servizo de limpeza, vixilancia e conservación do Polideportivo de Roxos-Villestro ata o 30 de novembro de 2007.**

Apróbase a prórroga do contrato asinado con Dolores Fraga Blanco, a contar desde o 1 de agosto de 2007 ata o 30 de novembro de 2007, por importe de 6.600 euros.

**12.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do servizo de control, vixilancia, mantemento e limpeza das instalacións deportivas municipais.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente de contratación por concurso e procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 119.800 euros e un prazo de execución dun ano prorrogable.

**13.- Proposta da concelleira delegada de Seguridade Cidadá relativa á aprobación de prego e inicio do expediente de contratación do subministro de pistolas, fundas, cargadores e cartuchos para a Policía Local.**

Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o inicio do expediente para a citada contratación por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 29.994 euros.

**14.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación da asistencia técnica para a elaboración dun estudo de necesidades formativas, edición dunha guía de recursos formativos e dun catálogo de cursos e plan de asesoramento asociativo dentro do Plan de Excelencia Comercial.**

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa PROXECTOS ENSINO, SL, por importe de 24.800 euros.

**15.- Proposta do concelleiro delegado de Promoción Económica relativa á adxudicación de asistencia técnica para o desenvolvemento da actividade de creación da marca do comercio compostelán.**

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa PROXECTOS, CONSULTORÍA E FORMACIÓN, SL, por un importe de 22.000 euros.

**16.- Proposta do concelleiro delegado de Infraestruturas relativa á adxudicación do subministro de roupa de traballo para o persoal ao servizo da brigada municipal de Vías e Obras.**

Apróbase a adxudicación de referencia á empresa POSIMAR, SL, por importe de 14.301 euros.

**17.- Proposta dos concelleiros delegados de Infraestruturas e de Mobilidade relativa ás obras de construción do novo parque comarcal de bombeiros en Salgueiriños.**

Acórdase resolver o contrato de consultoría e asistencia técnica para a redacción do proxecto executivo e a dirección facultativa da nova sede de Bombeiros, suscrito o 15 de outubro de 2001 entre o Concello de Santiago e Alberto Noguerol del Río, polo incumprimento, por parte do contratista, da súa obriga de recabar a pertinente autorización do órgano de contratación ante a necesidade de levar a cabo unha modificación do proxecto que se executaba. O acordo da resolución levará aparellada a incautación da garantía definitiva formalizada por Alberto Noguerol en forma de depósito da cantidade de 4.339 euros na Tesourería municipal, ao considerar que se trata dun incumprimento culpable do contratista.

Así mesmo, acórdase trasladar o citado expediente ao Consello Consultivo de Galicia para a emisión do seu preceptivo informe.

**18.- Nomeamento en propiedade de gardas da policía local.**

Acórdase nomear funcionarios de carreira do Concello de Santiago con efectos do día 1 de agosto de 2007 a tres traballadores, como gardas da policía local.

**19.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa á caducidade de licenza dunha caseta da praza de abastos.**

Acórdase a caducidade da licenza da caseta CE11

**20.- Proposta do concelleiro delegado de Mercados relativa a transmisión de casetas da praza de abastos.**

Autorízase a transmisión das casetas NC175 e NC176.

**21.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de recurso de alzada contra acordo da Asemblea xeral da Xunta de Compensación do polígono 2 do solo urbanizable programado número 3 (SUP-3) de Ponte Pedriña.**

Rexéitase o recurso de alzada interposto por MONTEVIEJO INVERSONES INMOBILIARIAS, SL, contra o acordo adoptado o 19 de marzo de 2007 pola Asemblea xeral da Xunta de Compensación do polígono 2 do SUP-3.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación definitiva do proxecto de urbanización da unidade de actuación número 5 (UA-5) do Campo de Santa Marta.**

Apróbase definitivamente o devandito proxecto de urbanización, presentado por VECTOR PLUS, SL, o 10 de maio de 2007.

**23.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á resolución de alegacións e aprobación definitiva do proxecto de expropiación do solo urbanizable non programado número 14 (SUNP-14). Tras Paxonal.**

Resólvense as alegacións e apróbase definitivamente o proxecto de expropiación, por taxación conxunta, do SUNP-14.

**24.- Proposta dos concelleiros delegados de Deportes e de Mobilidade e Seguridade Cidadá relativa á celebración da VOLTA CICLISTA ESPAÑA 2007.**

Autorízase a chegada da referida carreira e apróbase o convenio a asinar entre o Concello de Santiago e a Fundación Deporte Galego, no que se determinarán as obrigas do Concello en relación co evento. A achega da Fundación será de 69.000 euros. Tamén se aproba a colaboración coa organización da Volta no funcionamento da sala de prensa e despachos da organización no pavillón de Vite (13.000 euros), e a actuación da Concellería de Mobilidade para a dotación de servizos de ambulancias, bombeiros e demais medios, así como a dispoñibilidade da Policía Municipal (14.035 euros).

**25.- Dar conta da sinatura do convenio entre o Concello, a Asociación de comerciantes de Santiago (ACOTES) e Información e Comunicación Local S.A. (INCOLSA).**

Dáse conta do devandito convenio.

**26.- Dar conta de resolución da Secretaría Xeral de Emigración relativa á concesión de axudas para programas de acollida da poboación retornada e inmigrante.**

Dáse conta das axudas concedidas: 7.000 euros para o programa "Axudas extraordinarias" (tramitación e valoración da concesión; seguimento individualizado de casos); 9.000 euros para "Cursos de galego e castelán para emigrantes e inmigrantes".

## **URXENCIAS**

1.- Acórdase solicitar á Consellaría de Medio Rural o 50% do investimento necesario para a implantación dn sistema de autocontrol no Mercado de Gando de Santiago de Compostela, que de acordo co presuposto ofrecido pola empresa Serviguide, SL, ascende á cantidade de 10.208 euros.